



OURENSE, A DEZANOVE DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

XUIZ ÚNICO FEGAN

ACTA N° 40-2025 / TEMPADA 2025-26

RESOLUCIÓN

COMPETICIÓN: LIGA GALEGA ABSOLUTA MASCULINA DH 25_26

EQUIPOS PARTICIPANTES: C. MARINA FERROL - REAL C. NÁUTICO DE VIGO

DÍA/HORA: 14/12/2025; 18:00 h

FEITOS

PRIMEIRO: O día 15-12-25 foi remitido a este Xuíz Único a acta e o anexo do encontro disputado o 14-12-25 entre o C. MARINA FERROL e o REAL C. NÁUTICO DE VIGO. No anexo da acta, textualmente, recóllese o seguinte feito:

“No minuto 02:09 do segundo período expúlsase definitivamente, con substitución disciplinaria, ao xogador n.º 3 visitante, D. **Adam Pérez González**, polos seguintes feitos: Despois de recuperar o balón, na transición, afundir de forma desproporcionada a un xogador rival sen o balón en disputa. Ao momento de ser expulsado discúlpase cos colexiados, e ao final do encontro volve disculparse coa parella arbitral.”

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A redacción da acta arbitral goza de presunción de veracidade iuris tantum, non desvirtuada neste expediente.

Segundo.- Conforme á normativa disciplinaria aplicable ás expulsións definitivas de xogadores/as, a 1ª expulsión definitiva leva aparellada a sanción de 1 partido.

RESOLVO

Impoñer a **D. Adam Pérez González** (xogador do REAL C. NÁUTICO DE VIGO) a sanción de **1 PARTIDO DE SANCIÓN**, como correspondente á 1ª expulsión definitiva prevista na normativa vixente.

Notifíquese aos interesados. Contra esta resolución poderase interpoñer o recurso que en dereito corresponda.

En lugar e data ut supra,

Xuíz Único do Comité de Competición da FEGAN

JOSÉ ANTONIO NÓVOA

Colexiado nº 2.623, en exercicio, do Ilustre Colexio da Avogacía de Ourense